24 RETOS · DO 1 AO 24 DE DECEMBRO

CALENDARIO DE ADVENTO 2026



Pequenos retos para xogar, pensar e sentir

Infantil · Primaria

Feito con ❤️ en integratekplus.

Antes de comezar

Preparamos **24 pequenos retos**, un para cada día ata a Noiteboa. Son xogos curtos para facer na casa ou na aula que, ademais, adestran habilidades importantes para aprender.

Como funciona?

1. **Imprimide o calendario** (ou só a páxina do día). Case todo se fai con lapis, cores e tesoiras.
2. **Cada día, un reto.** Faise en 5–10 minutos. Algúns son con papel; outros, de falar, moverse ou experimentar.
3. **Pintade o cadro** do día en «O meu calendario». Cando chegue a Noiteboa, terédelo completo!
4. **Mirade a franxa «Para quen acompaña»**: cóntavos que se traballa e como facelo máis doado ou máis difícil.

Catro cores, catro áreas

💬 **Linguaxe**
Sons, vocabulario, expresión oral e escrita.

🔢 **Matemáticas**
Cálculo, series, lóxica, orientación espacial e pequenos experimentos.

🧠 **Funcións executivas**
Atención, memoria, planificación e control de impulsos.

❤️ **Emocións**
Recoñecer o que sentimos, calmarnos e compartilo.

🌱 **Máis doado**
Para os máis pequenos ou para quen precise máis apoio.

⭐ **Máis reto**
Para quen vai sobrado e quere complicalo un pouco.

Para quen acompaña

Por que estes retos?

Cada xogo pon en práctica unha habilidade que a neuroeducación relaciona coa aprendizaxe: xogar cos sons das palabras, entender as cantidades, planificar, prestar atención ou poñerlle nome ao que sentimos.

Cada neno, o seu ritmo

Adaptade cada reto ao neno ou á nena, non ao seu curso. Se observades que algunha área lle custa de forma persistente, paga a pena observalo con calma e, se vos preocupa, falalo cun profesional.

Se vos gustaría afondar...

En Integratek ofrecemos formación en neuroeducación e dificultades de aprendizaxe para familias, docentes e profesionais. Atoparedes máis información en **www.integratek.es** ou podedes escribirnos a **info@integratek.es**.

Nome: _____

O meu calendario

Pinta o cadro de cada reto que completes.

1 🔍 Busca e atopa	2 ❓ Quen son?	3 🔴 A serie de bólas	4 🌡️ O meu termómetro de Nadal
5 🦌 O labirinto do reno	6 👂 Detectives de sons	7 🛷 As sumas do trineo	8 💌 Grazas a...
9 🧺 Que obxecto falta?	10 🔤 Palabras agochadas	11 🎄 Coordenadas na árbore	12 🌸 Flores que se abren
13 🎅 Papá Noel di...	14 📖 Conto encadeado	15 🪙 O mercadiño de Nadal	16 ⭐ A respiración da estrela
17 👀 Atopa as diferenzas	18 🍪 Ordena a receita	19 🧩 Sudoku de Nadal	20 🧶 O xersei das miñas calidades
21 📝 Planificamos a cea	22 🎶 Rimas de Nadal	23 ✨ Un adorno co meu desexo	24 🫙 O bote das lembranzas

Linguaxe · Matemáticas · Funcións executivas · Emocións

Feito con ❤️ en integratekplus.

Nome: _____ Data: _____

DÍA 1

Busca e atopa

🧠 Funcións executivas

Busca cada obxecto no debuxo, conta cantos hai e escribe o número no seu cadro.





Para quen acompaña

Que traballamos

Atención selectiva, exploración visual ordenada e reconto.

🌱 Máis doado

Buscade só dous tipos de obxectos. Riscádeos ao atopalos para non contalos dúas veces.

⭐ Máis reto

Cantos obxectos hai en total? Cal aparece máis? Probade cun minuto de reloxo de area.

Nome: _____ Data: _____

DÍA 2

Quen son?

💬 Linguaxe

Recortade as tarxetas. Un adulto le as pistas dunha en unha... Quen o adiviña antes?

Quen son?

- Son branco e redondo.
- Teño o nariz de cenoria.
- Se sae o sol... derrétome!

Debúxame aquí

Solución: Boneco de neve

Quen son?

- Teño cornos que parecen pólas.
- Vivo onde fai moito frío.
- No Nadal tiro dun trineo.

Debúxame aquí

Solución: Reno

Quen son?

- Brillo no ceo pola noite.
- Teño puntas.
- No Nadal ponme no alto da árbore.

Debúxame aquí

Solución: Estrela

Quen son?

- Sempre vou en parella.
- Normalmente estou nos teus pés.
- No Nadal cólganme cheo de sorpresas.

Debúxame aquí

Solución: Calcetín

Quen son?

- Levo papel de cores e un lazo.
- Ninguén sabe que levo dentro...
- ...ata que me abren!

Debúxame aquí

Solución: Agasallo

Quen son?

- Son de metal.
- Se me moves, fago «din, don».
- Cólganme en portas e árbores.

Debúxame aquí

Solución: Campá

Para quen acompaña

Que traballamos
Comprensión oral, vocabulario e razoamento a partir de pistas.

🌱 Máis doado
Lede as tres pistas seguidas e dade dúas opcións con debuxos ou xestos.

⭐ Máis reto
Inventade as vosas propias adiviñas con tres pistas: a máis difícil, ao final.


Nome: _____ Data: _____

DÍA 3

A serie de bólas

🔢 Matemáticas

Fíxate en como se repiten as cores e pinta as bólas baleiras para continuar cada serie.



Agora invéntaa ti!

Debuxa e pinta a túa propia serie. Alguén da casa sabe continuala?



Para quen acompaña

Que traballamos
Razoamento lóxico, patróns e anticipación: a base do pensamento matemático.

🌱 Máis doado
Facede a serie con obxectos reais (pinzas, pezas, botóns) antes de pintar.

⭐ Máis reto
Inventade series con tres ou catro elementos, ou que medren: 1 vermello, 2 verdes, 3 vermellos...

Nome: _____ Data: _____

DÍA 4

O meu termómetro de Nadal

❤️ Emocións

Que sentes en cada momento? Debuxa a túa cara e pinta o termómetro: canto o sentes?

🎁	Abro un agasallo.	a miña cara
⏳	Teño que agardar moito para cear.	a miña cara
👨‍👩‍👧‍👦	Vexo os meus curmáns ou os meus avós.	a miña cara
🧸	Rompe o meu xoguete novo.	a miña cara
🎤	Canto unha panxoliña diante de todos.	a miña cara
🍽️	Tócame axudar a recoller a mesa.	a miña cara

Canto o sinto?

- **5** · A tope!
- **4** · Moito
- **3** · Bastante
- **2** · Un pouco
- **1** · Moi pouco

Pinta o termómetro ata onde chega a túa emoción.

Cando o meu termómetro está moi alto, axúdame...

_____

_____

Para quen acompaña

Que traballamos
Identificar as emocións e a súa intensidade, o primeiro paso para poder regulalas.

🌱 Máis doado
Escollede entre tres caras (contento, triste, anoxado) e sinalade «pouco» ou «moito».

⭐ Máis reto
Poñede nome á emoción (ilusión, nervios, frustración...) e contade unha vez que vos pasou.

Nome: _____ Data: _____


DÍA 5

O labirinto do reno

🧠 Funcións executivas

Axuda o reno a chegar ata o trineo. Sen atravesar ningunha parede!







Para quen acompaña

Que traballamos

Planificación: mirar antes de actuar, anticipar os camiños sen saída e corrixir.

🌱 Máis doado

Primeiro percorrede o camiño co dedo. Se vos atascades, comezade desde o trineo.

⭐ Máis reto

Intentádeo sen levantar o lapis e sen borrar. Conseguídelo en menos de dous minutos?

Nome: _____ Data: _____

DÍA 6

Detectives de sons

💬 Linguaxe

Di en voz alta o nome de cada debuxo. En cada fila hai un que comeza por outro son: rodéao!

 casa	 cama	 sol	 campá
 reno	 rato	 rei	 lúa
 neve	 pato	 pelota	 pingüín
 estrela	 elefante	 oso	 escada
 tambor	 galleta	 tren	 tartaruga

Detectives na casa

Busca na casa tres cousas que comecen polo son **/n/**, como **N**adal, e debúxaas ou escríbeas.

Para quen acompaña

Que traballamos
Conciencia fonolóxica: escoitar e comparar o primeiro son das palabras, clave para aprender a ler.

🌱 Máis doado
O adulto di as palabras alongando o primeiro son: «rrrreno», «rrrrato»...

⭐ Máis reto
Buscade o son final: que palabras de cada fila rematan igual?


Nome: _____ Data: _____

DÍA 7

As sumas do trineo

🔢 Matemáticas

Papá Noel ten que cargar o trineo. Conta os agasallos de cada lado e escribe cantos hai en total.



Trineo turbo (Primaria)

12 + 5 = ☐	23 + 14 = ☐	8 + 9 = ☐
36 + 27 = ☐	45 + 18 = ☐	50 + 25 = ☐

Inventa a túa suma

Debuxa dous grupos de agasallos e escribe cantos hai en total

Para quen acompaña

Que traballamos
Sentido numérico e suma: do reconto con debuxos ao cálculo con números.

🌱 Máis doado
Usade obxectos reais (pinzas, botóns) para xuntar os dous grupos e contalos.

⭐ Máis reto
Facede o trineo turbo sen papel, de cabeza. Que estratexia usades para sumar 36 + 27?

Nome: _____ Data: _____

DÍA 8

Grazas a...

❤️ Emocións

Pensa en dúas persoas que te axudaron ou te fixeron feliz este ano. Escríbelles (ou debúxalles) unha tarxeta e dálla.

Grazas!

💌

Para: _____

Grazas por...

_____

_____

Fai un debuxo

De: _____

Grazas!

💌

Para: _____

Grazas por...

_____

_____

Fai un debuxo

De: _____

Para quen acompaña

Que traballamos

Gratitude e empatía: fixarnos no que fan os demais por nós e expresalo.

🌱 Máis doado

O adulto escribe o que o neno ou a nena lle dita; o pequeno fai o debuxo.

⭐ Máis reto

Escribide a tarxeta a alguén que non o agarda: un veciño, a conserxe, o monitor...


Nome: _____ Data: _____

DÍA 9

Que obxecto falta?

🧠 Funcións executivas

Un xogo de memoria para toda a familia. Só precisades tesoiras e boa vista!



Como se xoga

1. Recortade as tarxetas e poñede 6 cara arriba sobre a mesa.
2. Miradeas durante 30 segundos. Intentade lembralas todas!
3. Pechade os ollos. O adulto quita unha tarxeta (ou cambia dúas de sitio).
4. Abride os ollos: que obxecto falta? Se acertades, engádese unha tarxeta máis.

Para quen acompaña

Que traballamos
Memoria de traballo visual e atención sostida.

🌱 Máis doado
Comezade con 4 tarxetas e deixade mirar o tempo que faga falta. Nomeade os obxectos en voz alta.

⭐ Máis reto
Usade as 12 tarxetas, mirade só 20 segundos ou quitade dúas á vez.

Nome: _____ Data: _____

DÍA 10

Palabras agochadas

💬 Linguaxe

Recorta as letras de ESTRELA e móveas para formar palabras novas. Cada letra só se usa unha vez por palabra!



Adiviña a palabra coas pistas

_ _ _ _ O número que vén despois do seis.

_ _ _ _ Con ela fanse vestidos e cortinas.

_ _ _ _ _ O contrario da suma.

_ _ _ _ _ Por onde sae o sol.

_ _ _ _ «... ano foi xenial».

Atopas máis?

Escribe aquí outras palabras que poidas formar con esas letras.

_____

_____

_____

Para quen acompaña

Que traballamos
Conciencia fonolóxica e ortográfica: segmentar, combinar letras e formar palabras.

🌱 Máis doado
Formade primeiro palabras de tres letras (SAL, SER) e lédeas xuntos letra a letra.

⭐ Máis reto
Buscade unha palabra de cinco letras que non estea nas pistas. Pista: tedes moitas diante dos ollos.


Nome: _____ Data: _____

DÍA 11

Coordenadas na árbore

🔢 Matemáticas

Busca cada cadro: primeiro a letra (columna) e despois o número (fila). Píntao da cor que lle toca. Que aparece?



Amarelo
E1, D2, E2, F2

Vermello
E5, D8, G11

Azul
G8, C11

Marrón
E12

Verde: todos os cadros que teñen un punto ●

Para quen acompaña

Que traballamos
Orientación espacial e coordenadas: cruzar dous datos para localizar un punto.

🌱 Máis doado
Seguide a columna cun dedo e a fila co outro ata que se xunten.

⭐ Máis reto
Engadide dúas bólas máis e escribide as súas coordenadas para que outra persoa as atope.

Feito con ❤️ en integratekplus.


Nome: _____ Data: _____


DÍA 12

Flores que se abren

🔢 Matemáticas

Un experimento para observar con calma. Material: papel normal, cores, tesoiras e un prato con auga.





Pasos

1. Pinta as flores con rotulador ou cera.
2. Recórtaas polo bordo.
3. Dobra os pétalos cara ao centro, un enriba doutro.
4. Pon a flor pechada nun prato con auga e... observa!

Antes: que cres que pasará?

- ☐ Abrirase
- ☐ Afundirase
- ☐ Non pasará nada

Despois: que pasou? Por que cres que pasou?

Para quen acompaña

Que traballamos
Pensamento científico: predicir, observar e explicar. (O papel absorbe a auga, as súas fibras incháns e os pétalos despréganse).

🌱 Máis doado
Facede unha soa flor e comentade en voz alta todo o que ides vendo.

⭐ Máis reto
Probade con papeis distintos (folio, cartolina, servilleta): cal se abre antes? Anotádeo.

Nome: _____ Data: _____

DÍA 13

Papá Noel di...

🧠 Funcións executivas

Recortade as tarxetas e... a moverse! Un xogo para xogar en familia ou con toda a clase.

As regras

Unha persoa fai de Papá Noel e le as tarxetas. Se a orde comeza por **«Papá Noel di...»**, todos a fan! Se non o di... hai que quedar quieto! Quen se mova fai de Papá Noel na seguinte rolda.

🦌 Salta coma un reno.	🐧 Camiña coma un pingüín.
⭐ Ponte de puntas e estírate coma unha estrela.	🎁 Fai coma se envolveses un agasallo.
🥶 Treme de frío.	🔔 Fai soar unha campá.
❄️ Lanza unha bóla de neve.	☃️ Quédate quieto coma un boneco de neve.
🎅 Ri coma Papá Noel: «Jo, jo, jo!».	🎄 Decora unha árbore imaxinaria.
🤗 Dáte unha aperta moi forte.	🍪 Fai coma se comeses unha galleta.

Para quen acompaña

Que traballamos

Control inhibitorio e escoita activa: frear un impulso e actuar só cando toca.

🌱 Máis doado

Ao principio, xogade sen trampas: todas as ordes comezan por «Papá Noel di...».

⭐ Máis reto

Ir máis rápido, ou o xogo ao revés: cando di «Papá Noel di...», hai que facer o contrario!

Nome: _____ Data: _____

DÍA 14

Conto encadeado

💬 Linguaxe

Recortade as cartas e, sen mirar, collede unha de cada cor. Xa tedes os ingredientes do conto! Contádeo por quendas.

Personaxes

- 🧝 Un elfo despistado
- 🐧 Unha pingüina valente
- 👵 Unha avoa inventora
- 🤖 Un robot que non sabe rir

Lugares

- 🏔️ Unha montaña nevada
- 🏠 Unha casa con lareira
- 🌲 Un bosque encantado
- 🚂 Un tren nocturno

Problema!

- 🔑 Pérdese unha chave máxica
- ❄️ Chega unha tormenta de neve
- 🎁 Aparece un agasallo que fala
- 🧦 Desaparecen todos os calcetíns

Para tecer o conto, cada persoa continúa cunha frase: **Había unha vez…** → **Un día…** → **De súpeto…** → **Por iso…** → **Ao final…**

Para quen acompaña

Que traballamos
Expresión oral, vocabulario e estrutura narrativa (inicio, nó e desenlace).

🌱 Máis doado
O adulto comeza e o neno ou a nena segue cunha palabra ou un xesto. Usade os debuxos como apoio.

⭐ Máis reto
Escribide o conto en cinco frases e poñédelle título. Atrevédesvos con dous personaxes?

Nome: _____ Data: _____

DÍA 15

O mercadiño de Nadal

🔢 Matemáticas

Abrimos o posto! Mira os prezos e responde. Despois, decide que comprarías con 10 €.

🧸 Osiño	🍪 Galletas	🕯️ Vela	🎀 Lazo	🔮 Bóla de neve	🧦 Calcetíns
4 €	2 €	3 €	1 €	5 €	3 €

1 Canto custan as galletas e o lazo xuntos? ☐

2 Canto custan o osiño e a vela xuntos? ☐

3 Tes 10 €. Chégache para o osiño, a bóla de neve e o lazo? ☐

4 Pagas os calcetíns con 5 €. Canto che devolven? ☐

5 Que é máis caro: dúas velas ou a bóla de neve? ☐

A miña compra de 10 €

Debuxa o que comprarías

Gastei: ☐ €

Sóbrame: ☐ €

Para quen acompaña

Que traballamos
Cálculo aplicado á vida diaria: sumar, restar e comparar cantidades con diñeiro.

🌱 Máis doado
Xogade ás tendas con moedas de verdade (ou fichas) e obxectos da casa con etiqueta.

⭐ Máis reto
Cambiade os prezos por céntimos (2,50 €, 1,20 €...) ou facede a vosa compra con 7 € exactos.

Nome: _____ Data: _____

DÍA 16

A respiración da estrela

❤️ Emocións

Cando hai moitos nervios (e no Nadal hainos!), a respiración axúdanos a calmarnos.



Como se fai

Séntate cómodo. Pon o dedo no punto e percorre a estrela amodo: cando subes, **colles aire polo nariz**; cando baixas, **sóltalo pola boca**, coma se soprases unha vela. Dá tres voltas.

Como me sinto?

Antes: rodea unha cara

😊 😌 😐 😟 😠

Despois: rodea unha cara

😊 😌 😐 😟 😠

Para quen acompaña

Que traballamos

Autorregulación emocional: unha estratexia sinxela de calma que se pode usar en calquera momento.

🌱 Máis doado

Facédeo xuntos, o adulto ao carón e en voz alta: «subimos... collemos aire; baixamos... soltámolo».

⭐ Máis reto

Contade ata 4 ao coller aire e ata 6 ao soltalo. Pensade en que momentos vos podería axudar.


Nome: _____ Data: _____

DÍA 17


Atopa as diferenzas

🧠 Funcións executivas

Os dous debuxos parecen iguais... pero hai 7 diferenzas! Rodéaas no debuxo 2.



▲ debuxo 1 · debuxo 2 ▼



Diferenzas atopadas: 1 2 3 4 5 6 7

Para quen acompaña

Que traballamos

Atención sostida, comparación visual e exploración ordenada.

🌱 Máis doado

Dividide o debuxo en anacos (tapando o resto cunha folla) e comparade un anaco cada vez.

⭐ Máis reto

Contra reloxo! E despois: sabedes dicir que tipo de diferenza é cada unha (falta, cambia, móvese...)?

Nome: _____ Data: _____

DÍA 18

Ordena a receita

💬 Linguaxe

Os pasos da receita desordenáronse. Escribe en cada círculo o número que lle toca (do 1 ao 6).

Galletas de estrela · Ingredientes: 250 g de fariña · 125 g de manteiga · 100 g de azucre · 1 ovo

◯ ⭐ Cortamos a masa con forma de estrela.

◯ 🧈 Mesturamos a manteiga branda co azucre.

◯ 🍪 Agardamos a que arrefríen e... a comer!

◯ 🫓 Estiramos a masa co rodete.

◯ 🔥 Cocémolas no forno coa axuda dun adulto.

◯ 🥚 Engadimos o ovo e a fariña, e amasamos.

Que palabras nos axudan a ordenar?

Conta a receita en voz alta usando: **primeiro, despois, logo, a continuación, por último**.

Para quen acompaña

Que traballamos
Comprensión lectora e secuenciación temporal: entender como se ordenan os feitos nun texto.

🌱 Máis doado
Recortade as tiras e ordenádeas sobre a mesa. Mellor aínda: facede as galletas de verdade!

⭐ Máis reto
Escribide outra receita de Nadal da vosa familia con cinco pasos e as palabras de orde.

Nome: _____ Data: _____

DÍA 19

Sudoku de Nadal

🔢 Matemáticas

Completa os ocos sen repetir. Pensa antes de escribir!

🔔	🎄		🎁
⭐		🔔	
🎄			
	🔔		

Sudoku 1 · ⭐

En cada fila, en cada columna e en cada cadrado grande ten que haber **unha estrela, unha árbore, un agasallo e unha campá**. Debúxaos ou recorta as fichas.

⭐ ⭐ ⭐ 🎄 🎄

🎄 🎁 🎁 🎁 🔔

🔔 🔔

Sudoku 2 · ⭐⭐⭐

Agora con números do **1 ao 6**. Cada número aparece unha soa vez en cada fila, en cada columna e en cada rectángulo de 2 × 3.

3		2			
	4			1	3
4			1		2
2				6	
1				2	5
6					1

Para quen acompaña

Que traballamos

Razoamento lóxico, dedución e flexibilidade para probar e corrixir.

🌱 Máis doado

Comezade pola fila ou a columna á que lle falta só un debuxo. Usade as fichas recortables.

⭐ Máis reto

Facede o sudoku de números con lapis e sen borrar. Cal é o primeiro cadro seguro?


Nome: _____ Data: _____

DÍA 20

O xersei das miñas calidades

❤️ Emocións

Este xersei de Nadal é especial: decórase coas cousas boas que tes. Escríbeas ou debúxaas.



valente · divertido/a · xeneroso/a · curioso/a · paciente · creativo/a · amable · traballador/a · bo amigo / boa amiga · sincero/a · alegre · ordenado/a · agarimoso/a · deportista

E nas mangas... pídelles a dúas persoas da túa familia que escriban unha calidade túa que elas ven!

Para quen acompaña

Que traballamos
Autoconcepto e autoestima: recoñecer as nosas fortalezas e escoitar como nos ven os demais.

🌱 Máis doado
Escollede xuntos tres calidades do banco de palabras e pensade un exemplo de cada unha.

⭐ Máis reto
Facede un xersei para outra persoa da casa coas súas calidades e regaládello.

Nome: _____ Data: _____

DÍA 21

Planificamos a cea

🧠 Funcións executivas

Hai que preparar a mesa da Noiteboa! Numera as tarefas na orde en que as fariades, reparte quen fai cada unha e calcula que fai falta.

Tarefa	Orde	Quen?	Feito
Poñer os pratos	☐	_____	☐
Poñer o mantel	☐	_____	☐
Poñer os vasos	☐	_____	☐
Limpar a mesa	☐	_____	☐
Dobrar as servilletas	☐	_____	☐
Colocar os cubertos	☐	_____	☐
Poñer un adorno no centro	☐	_____	☐

Cantos seremos?

Seremos ☐ persoas. Precisamos:


Pratos: ☐


Vasos: ☐


Garfos e coitelos: ☐


Servilletas: ☐

Que podería saír mal?

Pensa un problema (falta unha cadeira!) e como o solucionariades.

_____

_____

_____

Para quen acompaña

Que traballamos

Planificación e organización: secuenciar tarefas, repartilas e anticipar problemas.

🌱 Máis doado

Facede a tarefa de verdade: o neno ou a nena di a orde e vai marcando o que xa está feito.

⭐ Máis reto

Engadide tempos: cantos minutos leva cada tarefa? A que hora hai que comezar para cear ás 21:00?

Nome: _____ Data: _____

DÍA 22

Rimas de Nadal

💬 Linguaxe

Une cunha liña as palabras que riman. Pista: escoita como soa o final.

⭐ estrela	●	●	limón 🍋
🍫 turrón	●	●	vela 🕯️
🔔 campá	●	●	feno 🌾
🎁 agasallo	●	●	mazá 🍎
🦌 reno	●	●	carballo 🌳

Completa a rima

Cae a neve, todo está branco,
e eu míroa sentado nun ... ☐

As galletas de xenxibre cheiran tan ben,
como unha... e despois outras ... ☐

No belén hai un pastor
que leva unha ovella e unha ... ☐

A miña rima de Nadal

Inventa dous versos que rimen. Podes comezar con: «No Nadal...».

_____

_____

_____

Para quen acompaña

Que traballamos
Conciencia fonolóxica (sons finais), vocabulario e xogo coa linguaxe.

🌱 Máis doado
Dicide as parellas en voz alta esaxerando o final: «estreLA... veLA».

⭐ Máis reto
Buscade outra palabra que rime con cada parella e escribide un poema de catro versos.

Nome: _____ Data: _____


DÍA 23

Un adorno co meu desexo

❤️ Emocións

Tres adornos para tres desexos. Pensa no que che gustaría de verdade para o ano que vén.


O meu desexo para a miña familia



O meu desexo para o mundo



O meu desexo para min



Como facelo

1. Escribe ou debuxa un desexo dentro de cada adorno.
2. Píntaos e recórtaos.
3. Fai un burato no círculo e pasa un fío.
4. Cólgaos na árbore!

Un desexo pode ser algo que non se compra: «que o avó se poña bo», «aprender a nadar»...

Para quen acompaña

Que traballamos

Expresar desexos e necesidades, distinguir entre o material e o que nos fai sentir ben.

🌱 Máis doado

Falade primeiro de cada desexo; o adulto escríbeo e o neno ou a nena debúxao.

⭐ Máis reto

Para cada desexo, pensade un pequeno paso que podedes dar vós para que se cumpra.


Nome: _____ Data: _____

DÍA 24

O bote das lembranzas

❤️ Emocións

Antes de que remate o ano, gardamos o mellor que nos pasou.



Último día!

Recorta os papeliños e escribe ou debuxa en cada un unha lembranza deste ano. Dóbraos e gárdaos nun bote de verdade (ou debúxaos dentro deste).

Esta noite, ou no xantar de Nadal, sacade os papeliños dun en un e lédeos en voz alta.

Un día no que rin moitísimo	Algo novo que aprendín	Alguén que me axudou	Un lugar que me encantou
Algo difícil que conseguín	A miña comida favorita do ano	Un xogo que non esquecerei	Algo que fixen por outra persoa

Para quen acompaña

Que traballamos
Memoria autobiográfica, gratitude e emocións positivas compartidas en familia.

🌱 Máis doado
Escollede só tres lembranzas e axudádevos coas fotos do móbil para lembrar.

⭐ Máis reto
Que cada persoa da familia faga o seu papeliño e se adiviñe de quen é cada lembranza.

CONSEGUÍCHELO!

Diploma de Advento



Este diploma é para

_____

por completar os retos do Calendario de Advento 2026 con moito esforzo, curiosidade e ganas de xogar.

_____ Data


_____ Sinatura

Feito con ❤️ en integratekplus.

Solucións

Día 1 · Busca e atopa
⭐ 6, 🎁 5, 🔔 4, 🧦 7, 🦌 3, 🍪 5


Día 3 · A serie de bólas
Fila 1: verde, vermello, verde
Fila 2: amarelo, azul, amarelo
Fila 3: verde, azul, vermello
Fila 4: verde, rosa, rosa
Fila 5: amarelo, azul, amarelo

Día 5 · O labirinto do reno


Día 6 · Detectives de sons
casa, cama, campá → **sol** · reno, rato, rei → **lúa** · pato, pelota, pingüín → **neve** · estrela, elefante, escada → **oso** · tambor, tren, tartaruga → **galleta**

Día 7 · As sumas do trineo
Visuais: 5, 5, 6, 7, 5, 8
Trineo turbo: 12+5=17, 23+14=37, 8+9=17, 36+27=63, 45+18=63, 50+25=75


Día 10 · Palabras agochadas
SETE, TELA, RESTA, LESTE, ESTE. Máis: SAL, SER, TES, RES e, para expertos, LETRA (5 letras!).

Día 11 · Coordenadas na árbore


Día 15 · O mercadiño de Nadal
1) 3 € · 2) 7 € · 3) Si: 4 + 5 + 1 = 10 €, xusto · 4) 2 € · 5) Dúas velas (6 €) > bóla de neve (5 €)

Día 17 · Atopa as diferenzas


Día 18 · Ordena a receita
De arriba abaixo, os números son: 4, 1, 6, 3, 5, 2

Día 19 · Sudoku de Nadal


3	1	2	5	4	6
5	4	6	2	1	3
4	6	3	1	5	2
2	5	1	3	6	4
1	3	4	6	2	5
6	2	5	4	3	1

Día 21 · Planificamos a cea
Unha orde lóxica: 1 Limpar a mesa · 2 Poñer o mantel · 3 Poñer os pratos · 4 Colocar os cubertos · 5 Poñer os vasos · 6 Dobrar as servilletas · 7 Poñer un adorno (os pasos 3 a 7 poden variar: o importante é xustificalo).

Día 22 · Rimas de Nadal
estrela–vela · turrón–limón · campá–mazá · agasallo–carballo · reno–feno. Completa: banco, cen, flor.



Grazas por xogar connosco!

Agardamos que estes 24 retos vos regalasen momentiños de xogo, conversa e aprendizaxe.

En **Integratek** creamos recursos para acompañar a aprendizaxe de cada neno e cada nena, tamén de quen aprende dunha forma diferente.

Gustouvos?

Compartide unha foto do voso calendario completo ou do diploma en Instagram con **#Integratek** e mencionade a **@integratek_**. Faranos moita ilusión ver como o vivistes!

Queredes máis recursos?

Atoparedes máis guías e materiais gratuítos en **integratek.es**.

Este material é un recurso educativo e lúdico. Non substitúe a valoración nin a intervención dun profesional.